

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Decreto 333/2002, do 22 de novembro, polo que se modifica o Decreto 14/2002, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.*

O Decreto 14/2002, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente contempla entre os seus órganos a Dirección Xeral da Conservación da Natureza, que pola súa vez, conta con dúas subdireccións xerais, a Subdirección Xeral de Espacios Naturais e Biodiversidade e a Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.

A Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, ten encomendadas as funcións de programación, fomento e xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas en augas continentais, a través da ordenación dos ditos recursos, con especial incidencia na divulgación, formación e promoción específica destas materias. Da devandita subdirección depende o Servicio de Caza e Pesca Fluvial.

No ámbito provincial as funcións e competencias da consellería son exercidas polas delegacións provinciais contando para iso con unidades con nivel orgánico de servizo, dispoñendo dun único servizo, o de Conservación da Natureza, para efectos de exercer as funcións da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, neste ámbito.

A crecente amplitude e complexidade dos cometidos encargados ós servizos provinciais de Conservación da Natureza fan aconsellable o seu desdoblamento, en dous servizos provinciais, que reproduzan a estrutura da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, nun servizo provincial de espazos naturais e biodiversidade, e outro encargado de caza e da pesca fluvial, modificando, en consecuencia, a denominación e funcións do actual Servicio de Conservación da Natureza.

Dese xeito racionalizarase máis a estrutura administrativa, facilitando as relacións entre os servizos centrais e os periféricos e atenderanse mellor os traballos e sectores implicados, contribuíndo a asentala proposta galega para a rede Natura 2000, atendendo á aplicación da normativa de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e cubrindo as demandas dos máis de cen mil pescadores e dos preto de oitenta mil cazadores existentes nesta Comunidade Autónoma.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, tralo de informe das consellerías da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintedous de novembro de dous mil dous,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º

Dar nova redacción ó parágrafo sexto do artigo 9.3 do Decreto 14/2002, que regula o Servicio de

Conservación da Natureza, quedando redactado como segue:

Servicio de Espacios Naturais e Biodiversidade: exercerá no ámbito provincial as funcións da Dirección Xeral de Conservación da Natureza en materia de espazos naturais e biodiversidade, así como a aplicación da normativa de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

Artigo 2º

Engadir un novo parágrafo o artigo 9.3º do Decreto 14/2002:

Servicio de Caza e Pesca Fluvial: exercerá no ámbito provincial as funcións da Dirección Xeral de Conservación da Natureza en materia de caza e pesca fluvial.

*Disposición derogatoria*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto neste decreto.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Medio Ambiente para dicta-las disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación en *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2002.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez  
Conselleiro de Medio Ambiente

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 30 de outubro de 2002 pola que se convocan estadias formativas en empresas ou institucións para o curso 2002-2003, destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.*

O artigo 56 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, determina que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros e, na súa disposición adicional terceira, sinala que as administracións educativas pro-

verán os recursos necesarios para garantir, no proceso de aplicación da lei, a inclusión de actividades, como poden ser as estadias en empresas, para asegurarlles a tódolos profesores ó longo da súa vida profesional a posibilidade de acceder a períodos formativos fóra do centro escolar.

Así mesmo, o actual proceso de implantación da nova formación profesional, estruturada en ciclos formativos, nos que se establece con carácter obrigatorio e avaliable un período de formación en centros de traballo, fai necesario que os profesores teñan previamente un coñecemento directo dos procesos productivos que se desenvolven nas empresas, as novas tecnoloxías que incorporan e as realizacións profesionais dos traballadores nos diferentes postos de traballo, para, deste xeito, perfila-lo programa formativo que os alumnos deberán realizar no módulo de formación en centro de traballo. Neste senso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propónse satisfacer as devanditas necesidades formativas, co obxectivo, en todo caso, de conseguir a mellora do sistema educativo a través da formación dos seus profesionais.

Durante estes últimos anos véñense ofertando esta modalidade de formación do profesorado, destinadas a funcionarios docentes non universitarios e convocada mediante orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria baixo a denominación de «estadias formativas en empresas ou institucións». Precisamente a experiencia levada a cabo con esta acción, evidencia un axeitado procedemento de actualización de coñecementos e ó mesmo tempo unha forma de achega-lo profesorado que imparte clases en formación profesional específica ó mundo productivo e ós avances tecnolóxicos de que dispoñen as empresas galegas.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### *DISPÓN:*

##### Convocatoria e requisitos dos candidatos

Primeiro.-Convócanse 120 prazas de estadias formativas en empresas ou institucións para o curso 2002-2003, dirixidas a funcionarios docentes de formación profesional específica destinados en centros dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as condicións e a distribución que se establecen e relacionan nesta orde.

Os funcionarios deberán pertencer a algunha das especialidades do profesorado para impartir módulos de formación profesional específica, segundo o R.D. 1635/1995, do 6 de outubro e o R.D. 777/1998, do 30 de abril ou estaren adscritos a prazas dalgunha das especialidades indicadas, así como aqueles que estean impartindo clases en formación profesional específica.

En todo caso, a estadia solicitada estará relacionada coa súa actividade docente.

Os candidatos deberán reuni-los seguintes requisitos:

1. Estar en situación de servizo activo e prestar servizos durante os cursos 2000-2001 e 2001-2002

en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Ser funcionario de carreira ou funcionario en prácticas nalgún dos corpos e escalas ós que se alude neste artigo. En casos excepcionais e sempre que queden vacantes, logo de asigna-las prazas a funcionarios, os interinos que estean impartindo clases durante o curso 2002-2003 en módulos asociados a unha unidade de competencia dos ciclos formativos de formación profesional específica, poden solicitar unha estadia de 2 semanas de duración; sempre e cando se xustifique a súa necesidade inmediata e a vista das características do módulo, ciclo e centro no que imparte clases.

3. Non ter que realiza-lo servizo militar ou servizo social substitutivo no período de realización da estadia en empresas.

4. Non ter realizado estadias formativas en empresas durante os 2 últimos cursos académicos outorgadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. Non estar a disfrutar ou ter concedida no curso 2002/2003 licenza por estudos, xa que se consideran incompatibles para realizar no mesmo período de vixencia das estadias formativas en empresas ámbalas dúas modalidades de formación.

##### Modalidades

Segundo.-Segundo se trate de empresas ofertadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou empresas e prazas distintas das anteriores e propostas polo interesado, establécense dúas modalidades:

Tipo A: estadias formativas nas empresas acollidas a este programa, que se relacionan no anexo I.

Tipo B: estadias formativas noutras empresas ou institucións cun mínimo de 5 traballadores. Neste caso, o profesorado deberá concertar coa empresa o contido e duración da estadia e presentará un proxecto segundo o esquema recollido no anexo III.

##### Distribución das prazas

Terceiro.-Do total das 120 prazas que se convocan, distribúense da seguinte forma: para a modalidade A= 96 prazas e para a modalidade B= 24 prazas. As prazas non cubertas polos candidatos nalgunha das dúas modalidades poderán ser acumuladas na outra.

##### Solicitudes e documentación

Cuarto.-Os candidatos que vaian realiza-las estadias formativas en empresas que se convocan, deberán presenta-la súa solicitude segundo o modelo do anexo II, e acompañada da documentación que se indica a continuación:

1. Folla de servizos, segundo modelo do anexo VI, certificada pola delegación provincial correspondente e pechada o 30 de setembro de 2002, e que será solicitada e tramitada polo interesado.

2. Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no anexo IV desta orde.

3. Relación numerada e asinada da documentación presentada, seguindo a orde que aparece no indicado anexo IV.

4. Non serán tidos en conta nin valorados os méritos alegados e non xustificadas debidamente nin os que se aleguen fóra do prazo ó que se refire o punto quinto da presente convocatoria.

#### Prazo de presentación

Quinto.-O prazo de presentación de solicitudes, tanto para a modalidade A como para a B, será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó de publicación da presente orde no DOG. As solicitudes, xunto coa documentación, deberán presentarse a través do rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións provinciais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sendo imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se en uso deste dereito, o expediente é remitido por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado polo funcionario de correos antes de que se proceda á súa certificación.

As oficinas receptoras remitiranlle os expedientes á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional), edificio administrativo San Caetano s/n, 15771, Santiago de Compostela, dentro das corenta e oito horas seguintes á súa recepción.

#### Informe da Inspección

Sexto.-Cerrado o prazo de presentación de solicitudes, o Servicio Provincial de Inspección Educativa emitirá o correspondente informe a instancia da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, segundo o modelo que aparece como anexo V a esta orde. Este informe deberá ser remitido á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, no prazo de 5 días naturais e será preceptivo á hora de valorar a autorización da solicitude.

Sétimo.-Aspectos do informe e valoración:

1. O mencionado informe do servicio de inspección referirase ós seguintes aspectos:

a) Organización da súa actividade docente (programación, metodoloxía, utilización de recursos, criterios de avaliación, actividades extraescolares, etc.).

b) Participación no funcionamento dos centros (traballo cos equipos docentes, departamentos, seminarios, colaboración cos órganos de goberno, tutorías, etc.).

c) Participación en programas educativos de innovación e reforma.

2. O resultado deste informe traducirase nunha valoración global de cero a tres puntos.

#### Comisión de selección

Oitavo.-1. A selección dos candidatos realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

-A subdirectora xeral de Formación Profesional e de Educación de Adultos, que será o presidente.

-O subdirector xeral de Ordenación Educativa.

-O xefe do Servicio de Formación do Profesorado.

-A xefa de Servicio de Formación en Empresas e Orientación Laboral.

-Un inspector de Educación.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretario, con voz e sen voto.

2. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente nomeará un representante que poderá asistir ás sesións da comisión con voz e sen voto.

3. A comisión poderá dispo-la constitución de subcomisións técnicas especializadas só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos relacionados nos apartados 1 e 4 do anexo IV.

#### Resolución da convocatoria

Noveno.-A comisión seleccionadora realizará unha selección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo IV desta convocatoria.

1. En caso de empate entre os funcionarios, este dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 2 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

2. A relación dos seleccionados farase pública nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no edificio administrativo de San Caetano e nos das delegacións provinciais, abríndose un prazo de dez días naturais para efectuar reclamación. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as ditas reclamacións, a comisión seleccionadora elevará ó director xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta ou actas definitivas con expresión das valoracións outorgadas a cada un dos candidatos, así como a relación final dos seleccionados. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior, poderán presentarse renuncias á concesión das estancias en empresas perante a mencionada comisión seleccionadora.

Décimo.-Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias ás actividades concedidas en casos de excepcional gravidade e libremente apreciados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O profesorado que non participe na actividade para a que foi seleccionado perderá a súa preferencia para participar nas vindeiras tres convocatorias da actividade, agás nos casos excepcionais autorizados.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses, desde a data da publicación desta convocatoria no DOG.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo

dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Períodos de duración das estadias formativas en empresas

Décimo primeiro.-O período de duración das estadias para a modalidade A será o indicado no anexo I para cada empresa.

Para as estadias que se concedan pola modalidade B, a duración estará comprendida entre 15 días e 2 meses.

Décimo segundo.-Ó finaliza-lo período da estadia, os profesores beneficiarios presentarán ante a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de 15 días contados desde a finalización da estadia realizada, unha memoria do traballo individual desenvolvido, no que se farán constar, entre outros, e como mínimo, os seguintes aspectos:

a) Descrición do proceso productivo. Perfís profesionais que participan diferenciados segundo os niveis de cualificación.

b) Realizacións máis significativas de cada perfil profesional.

c) Tecnoloxías utilizadas e a súa presenza no equipamento de cada ciclo formativo (valoración da súa necesidade ou conveniencia de incorporalo).

d) Cambios que se prevén no sistema productivo (Evolución da competencia profesional).

e) Programa de formación en centros de traballo que se podería realizar nesa empresa e nos diferentes ciclos formativos da súa familia profesional.

f) Posible formación do profesorado que podería desenvolver-la empresa ou traballadores desta na oferta de formación específica dirixida ó profesorado e que se considera interesante dada a profesionalidade detectada no ámbito de cada empresa.

g) Valoración da estadia de formación: aspectos positivos e aspectos que se deben mellorar.

Décimo terceiro.-A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá das memorias dos traballos realizados de acordo coa lexislación vixente sobre propiedade intelectual.

Unha copia da memoria será enviada pola Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional á empresa na que cada profesor realizou a estadia.

Situación administrativa e compromisos dos seleccionados

Décimo cuarto.-Durante a estadia na empresa os profesores seleccionados recibirán os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias. O profesorado seleccionado terá dereito, de acordo co establecido no Decreto 202/2002, do 6 de xuño (DOG do 17 de xuño), a unha bolsa de asistencia por día sempre e cando a actividade se desenvolva fóra do concello onde está situado

o centro educativo de destino ou do concello onde teña o seu domicilio habitual.

A contía da bolsa que percibirá por día de asistencia á empresa será a que se indica a continuación tendo en conta a distancia en quilómetros de ida e volta entre o seu domicilio habitual e a empresa:

a) Menos de 30 quilómetros: 10,52 euros/día.

b) Entre 31 e 50 quilómetros: 13,52 euros/día.

c) Entre 51 e 75 quilómetros: 18,03 euros/día.

d) Entre 76 e 100 quilómetros: 21,94 euros/día.

e) Máis de 101 quilómetros: 27,05 euros/día.

En todo caso, a contía máxima que poderá percibir en concepto de bolsa de asistencia non poderá sobrepasa-la cantidade de 901,50 euros.

As bolsas están suxeitas ó IRPF e serán aboadas nun pagamento, unha vez finalizadas as actividades e entregada a memoria, coa certificación do Servicio de Formación en Empresas e Orientación Laboral de estar realizada a actividade de acordo co establecido nesta orde.

Décimo quinto.-As bolsas de asistencia aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.322S.640.1 e por un importe máximo de 108.180 euros. Estas estadias están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Décimo sexto.-Os profesores realizarán durante a súa estadia na empresa o horario productivo que esta teña establecido.

Décimo sétimo.-Durante o período de estadia na empresa ou en institucións os profesores estarán acollidos á Mutualidade de Funcionarios do Estado e ás pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil subscritas pola Xunta de Galicia.

Décimo oitavo.-Durante o período de estadia formativa en empresas os profesores non terán vínculo ou relación laboral coa empresa ou institución de acollida, nin poderán ocupar un posto de traballo dentro do seu cadro de persoal, polo que quedarán excluídos da lexislación laboral.

Décimo noveno.-A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional remitiralles ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha relación dos profesores e do período de tempo que estean realizando as estadias formativas nas empresas, para o seu envío á Inspección de Traballo.

Vixésimo.-A concesión de autorización para estadias en empresas implicará a incompatibilidade con calquera outra actividade pública ou privada.

Vixésimo primeiro.-O non cumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da correspondente estadia formativa, sen prexuízo da posible incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Seguimento

Vixésimo segundo.-A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional, a través dos servizos de inspección de educación, efectuará o adecuado seguimento e control das estadias formativas.

## Certificación

Vixésimo terceiro.-Segundo o disposto no apartado 14.2º da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro de actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións, os profesores que realicen unha estadia formativa en empresas ó abeiro desta orde, con avaliación positiva, obterán a seguinte certificación:

1. Estadias formativas ata 15 días de duración: certificación de 20 horas de formación.
2. Estadias formativas de 16 a 29 días de duración: certificación de 35 horas de formación.
3. Estadias formativas de 30 a 44 días de duración: certificación de 50 horas de formación.
4. Estadias formativas de 45 a 59 días de duración: certificación 70 horas de formación.
5. Estadias formativas de máis de 59 días de duración: certificación de 80 horas de formación.

## Retirada da documentación

Vixésimo cuarto.-Durante o mes de marzo de 2003 os concursantes poderán retirar a súa documentación

da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15731 Santiago de Compostela), directamente ou a través de persoa autorizada. Transcorrido o prazo, entenderase que renuncian á súa recuperación, perdendo todo dereito sobre a esta.

Vixésimo quinto.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional para dictar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde e así mesmo para prorrogar automaticamente o período de presentación de solicitudes de non cubrirse totalmente nesta convocatoria, dentro do curso 2002-2003.

Vixésimo sexto.-Os directores e directoras dos centros educativos arbitrarán as medidas necesarias para que esta orde sexa coñecida por todo o profesorado destinatario desta convocatoria.

Vixésimo sétimo.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2002.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I



## Distribución das prazas para estadias en empresas da modalidade A que se convocan para o curso 2002-2003

Núm.	Nome empresa	Centro de traballo	Especialidade estadia	Prazas	Período ofert.	Duración	Ano	Mod.	Concello empre.	Provincia empre.
1	Alcoa	Aluminio Español	Hidráulica e neumática	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Cervo	Lugo
2	Alcoa	Aluminio Español	Análise e química industrial (laboratorio)	1	Marzo	1 mes	2003	A	Cervo	Lugo
3	Altia Consultores, S.L.	Altia Consultores S.L. (A Coruña)	Informática	1	Do 1 ó 15 de febreiro	15 días	2003	A	A Coruña	A Coruña
4	Altia Consultores, S.L.	Altia Consultores S.L. (Vigo)	Informática	1	Do 1 ó 15 de febreiro	15 días	2003	A	A Coruña	A Coruña
5	Aquagest	Aquagest Santiago	Análises físico-químico e microbiolóxico das augas de consumo	1	Febreiro e marzo	2 meses	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
6	Asociación de Industrias de Punto e Confección de Lugo, Ourense e Pontevedra.	Mamas S.L.	Confección bordados	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
7	Asociación de Industrias de Punto e Confección de Lugo, Ourense e Pontevedra.	Sagres, S.L. (Vigo)	Confección uniformes	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
8	Asociación de Industrias de Punto e Confección de Lugo, Ourense e Pontevedra.	Cidistex, S.L. (Vigo)	Confección deportes	1	Abril	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
9	Asociación de Industrias de Punto e Confección de Lugo, Ourense e Pontevedra.	Futura Linea Moda S.L.	Confección	1	Marzo	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
10	Asociación de Industrias de Punto e Confección de Lugo, Ourense e Pontevedra.	D'Aquela (Lalín)	Confección señora	1	Marzo	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
11	Asociación de Industrias de Punto e Confección de Lugo, Ourense e Pontevedra.	Creac Foque, S.L. (Nigrán)	Punto nenos	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
12	Asociación Euroeume. Centro de Desenvolvemento Local.	Asociación Euroeume (As Pontes de García Rodríguez)	Creación e desenvolvemento de produtos e servizos turísticos	1	Marzo	1 mes	2003	A	As Pontes de Gcía. Rguez.	A Coruña
13	Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos (Pontevedra-Vigo) ATRA	Ferwagen, S.A. (Vigo)	Carrocería, pintura, mecánica e electricidade do automóbil	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
14	Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos (Pontevedra-Vigo) ATRA	Salvador Fernández de Automoción, S.A. (Vigo)	Carrocería, pintura, mecánica e electricidade do automóbil	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra

Núm.	Nome empresa	Centro de traballo	Especialidade estadia	Prazas	Período ofert.	Duración	Ano	Mod.	Concello empre.	Provincia empre.
15	Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos (Pontevedra-Vigo) ATRA	Autoviasa (Vigo)	Carrocería, pintura, mecánica e electricidade do automóbil	1	Marzo	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
16	Astano, Estaleiros e Talleres do Noroeste	Astano (Fene)	Sistemas electrónicos	1	Abril	1 mes	2003	A	Fene	A Coruña
17	Astano, Estaleiros e Talleres do Noroeste	Astano (Fene)	Soldadura	1	Marzo	1 mes	2003	A	Fene	A Coruña
18	Astano, Estaleiros e Talleres do Noroeste	Astano (Fene)	Mantemento e servizos á produción	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Fene	A Coruña
19	Astano, Estaleiros e Talleres do Noroeste	Astano (Fene)	Deseño-delineación	1	Maio	1 mes	2003	A	Fene	A Coruña
20	Astillerro Barreras (HIJOS de J. Barreras, S.A.)	Astillerro Barreras (Vigo)	Soldadura e caldeirería	1	Do 24 de febreiro ó 8 de abril	44 días	2003	A	Vigo	Pontevedra
21	Astillerro Barreras (HIJOS de J. Barreras, S.A.)	Astillerro Barreras (Vigo)	Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque	1	Do 22 de abril ó 31 de maio	44 días	2003	A	Vigo	Pontevedra
22	Astillerro Barreras (HIJOS de J. Barreras, S.A.)	Astillerro Barreras (Vigo)	Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
23	Calidad Inve Galicia, S.A.	Calidad Inve Galicia S.A. (Begonte)	Mantemento eléctrico-neumático e automatismos eléctricos/electrónicos de industria agroalimentaria	1	Do 28 de xaneiro ó 28 de marzo	2 meses	2003	A	Begonte	Lugo
24	Centro de Saúde Abrente y Lago-Sergas.	Centro de saúde Abrente y Lago-Sergas (A Coruña)	Prevenção bucodental	1	Do 28 de xaneiro ó 28 de marzo	2 meses	2003	A	A Coruña	A Coruña
25	Compañía de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)	CRTVG (Santiago de Compostela)	Imaxe	1	Abril	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
26	Compañía de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)	CRTVG (Santiago de Compostela)	Sistemas informáticos	1	Marzo	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
27	Compañía de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)	CRTVG (Santiago de Compostela)	Estética e maquillaxe	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
28	Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña	Hospital Juan Canalejo (A Coruña)	Laboratorio de referencia bioquímica e ematoloxía	1	Do 28 de xaneiro ó 28 de marzo	2 meses	2003	A	A Coruña	A Coruña
29	Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña	Hospital Juan Canalejo (A Coruña)	Técnicas e procesos de enfermería	1	Abril	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
30	Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña	Hospital Juan Canalejo (A Coruña)	Radioloxía	1	Do 28 de xaneiro ó 28 de marzo	2 meses	2003	A	A Coruña	A Coruña
31	Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña	Hospital Juan Canalejo (A Coruña)	Servicio de microbioloxía	1	Do 1 ó 31 de marzo	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
32	Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña	Hospital Juan Canalejo (A Coruña)	Procesos de hospitalización	1	Febreiro	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
33	Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña	Hospital Juan Canalejo (A Coruña)	Servicio de anatomía patolóxica	1	Do 1 de febreiro ó 31 de marzo	2 meses	2003	A	A Coruña	A Coruña
34	Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña	Hospital Juan Canalejo (A Coruña)	Técnicas e procesos de enfermería	1	Febreiro	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
35	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Laboratorio Central de Análises do Hospital	Análises clínicas	1	Marzo e abril	2 meses	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
36	Complexo Hospitalario Xeral Cies de Vigo	Complexo Hospitalario Xeral Cies de Vigo	Unidade de codificación	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
37	Creaciones Emmanuel	Creaciones Emmanuel (Lalín)	Confección en tecido	1	Do 28 de xaneiro ó 25 de febreiro	1 mes	2003	A	Lalín	Pontevedra
38	Deleg. Prov. Sanidade da Coruña (Laboratorio de Saúde Ambiental)	Laboratorio de Saúde Ambiental da Deleg. Prov.	Laboratorio de análises de augas	1	Febreiro e marzo	2 meses	2003	A	A Coruña	A Coruña
39	Delegación Provincial de Asuntos Sociais de Ourense	Residencia 3ª Idade de Castro Caldelas	Atención socio-sanitaria	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Ourense	Ourense
40	Delegación Provincial de Asuntos Sociais de Ourense	Residencia 3ª Idade do Carballiño	Atención socio-sanitaria	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Ourense	Ourense
41	Delegación Provincial de Asuntos Sociais de Ourense	Residencia 3ª Idade do Carballiño	Atención socio-sanitaria	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Ourense	Ourense
42	Delegación Provincial de Asuntos Sociais de Ourense	Residencia 3ª Idade de Cabeza de Vaca (Barbadás)	Atención socio-sanitaria	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Ourense	Ourense
43	Delegación Provincial de Asuntos Sociais de Ourense	Residencia 3ª Idade de Cabeza de Vaca (Barbadás)	Atención socio-sanitaria	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Ourense	Ourense
44	Deputación Provincial de Pontevedra (Estación Fitopatolóxica do Areiro)	Estación Fitopatolóxica do Areiro	Fitopatoloxía	1	Marzo	1 mes	2003	A	Pontevedra	Pontevedra
45	Deputación Provincial de Pontevedra (Estación Fitopatolóxica do Areiro)	Estación Fitopatolóxica do Areiro	Cultivo in vitro	1	Abril	1 mes	2003	A	Pontevedra	Pontevedra
46	Endesa	Endesa (As Pontes de García Rodríguez)	Instrumentación (central térmica)	1	Febreiro e marzo	2 meses	2003	A	As Pontes de G <sup>2</sup> Rguez	A Coruña
47	Endesa	Endesa (As Pontes de García Rodríguez)	Laboratorio (central térmica)	1	Abril e maio	2 meses	2003	A	As Pontes de G <sup>2</sup> Rguez	A Coruña
48	Finsa-Financiera Maderera, S.A.	Finsa Padrón	Mantemento eléctrico	1	Do 3 ó 23 de marzo	3 semanas	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
49	Finsa-Financiera Maderera, S.A.	Finsa Orember (Ourense)	Química	1	Do 24 de marzo ó 13 de abril	3 semanas	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
50	Frijo Diz, S.A.	Frijo Diz (A Coruña)	Mantemento e servizos á produción (módulos de frío e aire acondicionado)	1	Marzo	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
51	Galipiel, S.L.	Tambre Piel (Polig. Tambre-Santiago de Compostela)	Piel e napa	1	Abril	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña

Núm.	Nome empresa	Centro de traballo	Especialidade estadia	Prazas	Período ofert.	Duración	Ano	Mod.	Concello empre.	Provincia empre.
52	<i>Grafínova</i>	<i>Grafínova</i>	Artes gráficas: impresión offset e manipulados	1	Marzo	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
53	<i>Grafínova</i>	<i>Grafínova</i>	Artes gráficas: impresión offset e manipulados	1	Abril	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
54	IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais)	Igaem (Santiago de Compostela)	As xiras de espectáculos (comunicación, imaxe e son)	1	Do 22 de xaneiro ó 6 de febreiro	2 semanas	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
55	IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais)	Igaem (Santiago de Compostela)	As xiras de espectáculos (comunicación, imaxe e son)	1	Do 24 de febreiro ó 7 de marzo	2 semanas	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
56	IGAPE	Igape (Santiago de Compostela)	Proxectos e servizos de apoio á empresa	1	Febrero e marzo	2 meses	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
57	IGAPE	Igape (Santiago de Compostela)	Proxectos e servizos de apoio á empresa	1	Abril e maio	2 meses	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
58	Imprenta Universidade de Santiago	Imprenta Universidade de Santiago	Artes gráficas: preimpresión, impresión offset e manipulados	1	Marzo	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
59	Imprenta Universidade de Santiago	Imprenta Universidade de Santiago	Artes gráficas: preimpresión, impresión offset e manipulados	1	Maio	1 mes	2003	A	Santiago de Compostela	A Coruña
60	<i>Induca</i>	<i>Induca (Valdoviño)</i>	Control de calidade	1	Do 1 ó 15 de maio	2 semanas	2003	A	Valdoviño	A Coruña
61	IZAR (Astillero Ferrol)	IZAR (Astillero Ferrol)	Control numérico. fabric.turb.	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Ferrol	A Coruña
62	IZAR (Astillero Ferrol)	IZAR (Astillero Ferrol)	Axust. mont.torner. fresador	1	Marzo	1 mes	2003	A	Ferrol	A Coruña
63	IZAR (Astillero Ferrol)	IZAR (Astillero Ferrol)	Mecanizado fabic.turb.	1	Marzo	1 mes	2003	A	Ferrol	A Coruña
64	IZAR (Astillero Ferrol)	IZAR (Astillero Ferrol)	Electrónico	1	Abril	1 mes	2003	A	Ferrol	A Coruña
65	IZAR (Astillero Ferrol)	IZAR (Astillero Ferrol)	Delineación construción civil	1	Abril	2 mes	2003	A	Ferrol	A Coruña
66	IZAR (Astillero Ferrol)	IZAR (Astillero Ferrol)	Prevención de riscos	1	Febreiro	3 mes	2003	A	Ferrol	A Coruña
67	IZAR (Astillero Ferrol)	IZAR (Astillero Ferrol)	Medio ambiente	1	Maio	4 mes	2003	A	Ferrol	A Coruña
68	MAPFRE (banca y seguros)	Mapfre (Lugo)	Operacións bancarias e operacións de seguros e reaseguros	1	Do 28 de xaneiro ó 28 de marzo	2 meses	2003	A	Lugo	Lugo
69	<i>Motores y Vehículos Orense, S.A.-Opel Moyvesa</i>	<i>Opel Moyvesa (Ourense)</i>	Reparación integral de vehículos	1	Marzo e abril	2 meses	2003	A	Ourense	Ourense
70	Padroado Provincial de Turismo de Ourense (INORDE)	Padroado Provincial de Turismo de Ourense	Información, comercialización e desenvolvemento turístico	1	Marzo e abril (horario de tarde)	2 meses	2003	A	Ourense	Ourense
71	<i>Panadería Barcia</i>	<i>Panadería Barcia-Carral</i>	Panadería	1	Do 15 de febreiro ó 30 de maio (horario de tarde)	4 meses e medio	2003	A	Carral	A Coruña
72	<i>Panadería Barcia</i>	<i>Panadería Barcia-Carral</i>	Panadería	1	Do 15 de febreiro ó 15 de maio (horario de tarde)	4 meses	2003	A	Carral	A Coruña
73	<i>Paneltron</i>	<i>Paneltron</i>	Operar con máquinas gobernadas por C.N.C.	1	Do 1 ó 15 de marzo	2 semanas	2003	A	Cambre	A Coruña
74	<i>Puertas tren «Sarman, S.A.»</i>	<i>Puertas Tren «Sarman S.A.»-Cambre</i>	Control de calidade	1	Do 1 ó 15 de abril	15 días	2003	A	Cambre	A Coruña
75	<i>Puertas tren «Sarman, S.A.»</i>	<i>Puertas Tren «Sarman S.A.»-Cambre</i>	Organización e control de la produccion	1	Do 1 ó 15 marzo	15 días	2003	A	Cambre	A Coruña
76	<i>Puertas tren «Sarman, S.A.»</i>	<i>Puertas Tren «Sarman S.A.»-Cambre</i>	Operar con máquinas gobernadas por C.N.C.	1	Do 15 ó 31 de marzo	15 días	2003	A	Cambre	A Coruña
77	<i>Repsol Petróleo, S.A</i>	<i>Repsol Petróleo (A Coruña)</i>	Verificación mecánica	1	Marzo	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
78	<i>Repsol Petróleo, S.A</i>	<i>Repsol Petróleo (A Coruña)</i>	Verificación mecánica	1	Maio	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
79	<i>Repsol Petróleo, S.A</i>	<i>Repsol Petróleo (A Coruña)</i>	Verificación mecánica	1	Febreiro	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
80	<i>Repsol Petróleo, S.A</i>	<i>Repsol Petróleo (A Coruña)</i>	Electrónica de control	1	Febreiro	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
81	<i>Repsol Petróleo, S.A</i>	<i>Repsol Petróleo (A Coruña)</i>	Electrónica de control	1	Maio	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
82	<i>Repsol Petróleo, S.A</i>	<i>Repsol Petróleo (A Coruña)</i>	Electrónica de control	1	Marzo	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
83	<i>Seat Marinada Motor S.A.</i>	<i>Seat Marinada Motor (A Coruña)</i>	Chapa e pintura do automóbil	1	Do 1 de abril ó 15 de maio	1 mes e medio	2003	A	A Coruña	A Coruña
84	<i>Seat Marinada Motor S.A.</i>	<i>Seat Marinada Motor (A Coruña)</i>	Mecánica	1	Do 1 de abril ó 15 de maio	1 mes e medio	2003	A	A Coruña	A Coruña
85	<i>Telefónica</i>	<i>Telefónica (A Coruña)</i>	Equipos de telefonía	1	Abril	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
86	<i>Telefónica</i>	<i>Telefónica (A Coruña)</i>	Equipos de telefonía	1	Marzo	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
87	<i>Telefónica</i>	<i>Telefónica (Vigo)</i>	Equipos de telefonía	1	Marzo	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
88	<i>Telefónica</i>	<i>Telefónica (Vigo)</i>	Equipos de telefonía	1	Abril	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
89	<i>Unión Fenosa</i>	<i>Unión Fenosa (Pontevedra)</i>	Electricidade	1	Marzo	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
90	<i>Unión Fenosa</i>	<i>Unión Fenosa (Meirama)</i>	Mantemento e servizos á produccion	1	Febreiro	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
91	<i>Unión Fenosa</i>	<i>Unión Fenosa (Meirama)</i>	Mantemento e servizos á produccion	1	Febreiro	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
92	<i>Unión Fenosa (Vigo)</i>	<i>Unión Fenosa (Vigo)</i>	Electricidade	1	Febreiro	1 mes	2003	A	Vigo	Pontevedra
93	Universidade de Vigo	ITS Ingenieros de Comunicación (Vigo)	Montaxe de circuitos electrónicos, manexo de aparatos de medida convencionais e novas tecnoloxías das comunicacións	1	Do 1 de febreiro ó 30 de abril	2 meses	2003	A	Vigo	Pontevedra
94	Universidade de Vigo (Facultade de Ciencias)	Facultade de Ciencias (Campus Ourense)	Microbioloxía e hixiene alimentaria	1	Do 1 de marzo ó 30 de abril	2 meses	2003	A	Ourense	Ourense
95	<i>Viaxes Paco, S.A.</i>	<i>Viaxes Paco, S.A.</i>	Axencia de viaxes minorista	1	Do 1 ó 15 de maio	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña
96	<i>Vilar CastrO Hnos. C.B</i>	<i>Villar Castro Hnos (A Coruña)</i>	Mecanizados	1	Do 1 ó 30 de abril	1 mes	2003	A	A Coruña	A Coruña

ANEXO II

	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	FONDO SOCIAL EUROPEO	
---	---	----------------------	---

PROCEDEMENTO <b>ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS DESTINADAS A FUNCIONARIOS DOCENTES NON UNIVERSITARIOS. CURSO 2002-2003</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED305E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

APELIDOS	NOME
----------	------

**SOLICITA:**  
 Que lle sexa concedida unha estadia de formación en empresas no período \_\_\_\_\_

<b><u>CORPO DE PROCEDENCIA</u></b>	<b><u>ESPECIALIDADE</u></b>
I. PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO ..... II. PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL ..	_____ _____

**MODALIDADE A**

Nº	EMPRESA	FAMILIA / ESPECIALIDADE / SECCIÓN / DEPARTAMENTO NO QUE SOLICITA A ESTADÍA	PERÍODO PREFERENTE

**MODALIDADE B**

EMPRESA: \_\_\_\_\_

**DATOS PROFESIONAIS**

CICLO FORMATIVO E MÓDULOS NOS QUE IMPARTE DOCENCIA

NRP	CENTRO	
ENDEREZO DO CENTRO		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA

**DATOS PERSOAIS**

DNI	TELÉFONO	DOMICILIO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PROVINCIA

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 30 de outubro de 2002 pola que se convocan estadias formativas en empresas ou institucións para o curso 2002-2003, destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.*

SINATURA DO SOLICITANTE

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA



## ANEXO III

## Esquema do proxecto para a modalidade B

## 1.- Empresa ou institución de acollida:

C.I.F			
Nome ou razón social:			
Titular da empresa:			
Nº de traballadores:		Titor da estadia	
Enderezo:			
Localidade:		Provincia:	
Teléfono:		Fax:	

## 2.- Denominación da especialidade da estadia formativa

## 3.- Actividade da empresa e familias profesionais coas que se relaciona

## 4.- Módulos profesionais da formación profesional específica asociados á especialidade da estadia e ás actividades do programa formativo, que poden ser impartidas polo profesor solicitante.

## 5.- Obxectivos que se pretenden acadar mediante a estadia formativa, con especial referencia á repercusión na súa práctica docente nos ciclos formativos.

## 6.- Descrición das actividades que se realizarán durante o período da estadia formativa na empresa ou institución de acollida. (máximo 5 follas).

## ANEXO IV

Méritos	Total puntos máximo	Documentos
1. Proxecto de estadia formativa para a modalidade B. 1.1 Polo interese que ofrezca para mellora-la calidade do ensino na impartición dos ciclos formativos de formación profesional específica.	0 a 5	O solicitado no anexo III.
2. Méritos docentes: 2.1. Servicios docentes ..... 2.1.1. Por cada ano de servico como funcionario de carreira: 1 punto por ano completo. 2.1.2. Por cada ano de servico coa condición de catedrático adquirida: 0,20 puntos por ano completo. 2.1.3. Por cada ano de servico como profesor en prácticas, interino ou contratado: 0,50 puntos por ano completo (agás o primeiro ano que pode ser máis de nove meses). 2.2. Informe do Servico de Inspección de Educación. Ata .....	Por estes tres subapartados ata 10 puntos          3	Folla de servicos certificada e pechada pola delegación provincial correspondente e fotocopia compulsada do título administrativo de funcionario de carreira.
3. Actividades de formación permanente: 3.1. Dirección e/ou docencia en actividades de perfeccionamento relacionadas coa súa especialidade: 0,50 puntos por actividade como máximo ..... 3.2. Asistencia a cursos, grupos estables, seminarios e outras actividades da especialidade: 0,25 puntos por actividade como máximo . 3.3. Cursos de lingua galega: 3.3.1. Especialización ..... 3.3.2. Perfeccionamento ..... 3.3.3. Iniciación ..... (Nota: non acumulables entre si)	  4  2  1,5 1 0,5	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas.
4. Publicacións ou investigacións sobre a materia ou especialidade de ensinanzas: Libro: -Non especializado ..... ata 0,50 p -Especializado ..... ata 1 p Revista: -Non especializada ..... ata 0,50 p -Especializada ..... ata 0,50 p Video/cassete, CD, disquete: -Non especializado ..... ata 0,25 p -Especializado ..... ata 0,50 p	  3  3  3	Exemplares correspondentes avalados por organismos públicos, nos que conste o ISBN.

Méritos	Total puntos máximo	Documentos
5. Méritos académicos: 5.1. Título de doutor: 1,5 puntos ..... 5.2. Para funcionarios do corpo de mestres: título de licenciado: 1 punto. 5.3. Outros títulos ou diplomas relacionados coa especialidade obxecto da materia: 0,25 puntos .....	Ata 3 puntos	Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos.

## ANEXO V

## MODELO DE INFORME

## SERVICIO DE INSPECCIÓN

## DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Don/dona				
Corpo				
Especialidade profesorado (adscripción)				
NRP	DNI	CENTRO DE DESTINO		
LOCALIDADE		PROVINCIA	TFONO	FAX

CONCEPTO	PUNTOS
a) Organización da súa actividade docente:	
b) Participación no funcionamento do centro:	
c) Participación en programas educativos de innovación e reforma:	
<b>Total da valoración outorgada de (0 a 3). puntos.</b>	

En....., ..... de ..... de.....

O/a inspector/a

## ANEXO VI

## Certificación de servicios

D./dona.....DNI.....NRP.....  
Corpo ou escala.....Situación administrativa.....  
Destino actual.....Localidade.....Provincia.....

Destinos que desempeña ou desempeñou		Forma de provisión <sup>1</sup>	Datos						Servicios								
Localidade/Provincia	Centro ou posto de traballo		Da posesión			Do cesamento			En propiedade			Interinos					
			Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano	Anos	Meses	Días	Anos	Meses	Días			

Total de servicios contados ata o: 30 de setembro de 2002, para todos os corpos ou escalas.

Acredita.....Anos.....Meses.....Días de servicios en total .....de.....de.....

D./a..... Xefe de<sup>2</sup> .....

CERTIFICA: Que os datos da presente folla de servicios concordan cos que obran no expediente persoal do interesado arquivado nesta delegación provincial e cos documentos que exhibiu.

V<sup>2</sup> e Pr.

O delegado provincial

O/A xefe de servicio ou sección

<sup>1</sup> En propiedade ou definitivo, en prácticas, interino, ou en comisión de servicios.

<sup>2</sup> Xefe do servicio ou sección da delegación que certifica.

*Resolución do 19 de novembro de 2002, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se fai pública a lista de aprobados no curso de especialización en educación infantil para mestres convocado pola Orde do 10 de abril de 2001 (Diario Oficial de Galicia do 4 de maio).*

Pola Orde do 10 de abril de 2001 (DOG do 4 de maio) a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou un curso de especialización en educación infantil para mestres en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia, para realizar segundo a modalidade de formación a distancia.

Desenvolvidas as fases teórico-práctica, práctica e avaliación previstas nos puntos I e II do anexo I da devandita orde de convocatoria, procede facer pública a relación dos mestres que as superaron. En consecuencia,

#### DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar aptos os mestres que superaron satisfactoriamente o citado curso de especialización en educación infantil, convocado por Orde do 10 de abril de 2001, que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo.-As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederán a expedir a certificación de habilitación en educación infantil ós mestres funcionarios de carreira que se declaran aptos ó abeiro desta resolución.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a directora xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2002.

M<sup>a</sup> Pilar del Mar Pérez Marsó

Directora xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional

#### ANEXO

Profesores declarados aptos no curso de especialización en educación infantil

<u>DNI</u>	<u>Apelidos e nome</u>
32791817	Buide Hernández, María Teresa
07467359	Cid Fernández, María Concepción
35282074	Couto Paz, María Teresa
32645312	Estévez Ledo, Magdalena
34927578	Fernández Núñez, María Esther
32776354	Juncter Mouzo, María Dolores

<u>DNI</u>	<u>Apelidos e nome</u>
34586577	Lastra Lorenzo, Jaime
33785981	López Sánchez, Carmen
76505556	Mahía Paredes, Clotilde
34957268	Pérez González, Cristalina
32412584	Santamariña Peteiro, José
34925811	Seoane Balado, Estrella Isabel

### CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Resolución do 18 de novembro de 2002 pola que se ordena publica-la decisión do xurado do Premio Elías Valiña ó esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago.*

Por Orde do 3 de abril de 2002 (DOG nº 72, do luns 15 de abril) convocouse o Premio Elías Valiña ó esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago, co fin de recoñecer e recompensar os méritos de todas aquelas institucións, asociacións ou entidades culturais que dediquen unha parte significativa da súa actividade á revitalización e promoción do Camiño de Santiago, contribuíndo así ó coñecemento e divulgación do significado histórico, relixioso e cultural da Ruta Xacobeá.

O artigo 4º da citada orde establece que o premio será outorgado por un xurado presidido polo conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo ou persoa en quen delegue, e estará integrado polos seguintes membros: o presidente do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, dous membros nomeados polo comité, as institucións, asociacións culturais, padroados ou fundacións que resultasen gañadores nas anteriores convocatorias e os presidentes das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago cos números 21, 22, 23 e 24.

De acordo co citado artigo 4º, as decisións do xurado serán inapelables e daranse a coñecer mediante publicación no DOG e por comunicación directa ó galardoado.

Por todo isto,

#### RESOLVO:

Artigo único.-Ordeno publica-la decisión do xurado do Premio Elías Valiña ó esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago.

O citado xurado, reunido en Santiago de Compostela o día 15 de novembro de 2002, acordou conceder-lle o Premio Elías Valiña ó esforzo revitalizador e promocional do Camiño de Santiago, ó proxecto presentado pola asociación *Los Amigos del Camino de Santiago. Centro de Estudios Jacobeos*, de Estella-Lizarrá (Navarra).

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2002.

Jesús Pérez Varela

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo